



**CONCELLO DE
VAL DO DUBRA**

**OBRAS MENORES
E
OUTROS ACTOS
SUXEITOS A LICENZA**

Número Expediente	
REXISTRO	

DATOS DO SOLICITANTE

NOME, APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI CIF
ENDEREZO	TELÉFONO
NOME, APELIDOS E ENDEREZO DO REPRESENTANTE	

DATOS DO PREDIO (FINCA OU EDIFICACIÓN)

SITUACIÓN (rúa, praza, lugar, etc)	Núm.
PROPIETARIO DA PARCELA OU EDIFICACIÓN	TELÉFONO

Val do Dubra, naturalmente

DESCRICIÓN DAS OBRAS E ORZAMENTO	TIPOS DE SOLICITUDES
PRESUPOSTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pechamentos de parcelas 2. Obras interiores, fachadas, tellados 3. Toldos rótulos, marquesiñas 4. Acondicionamento de locais 5. Guindastres 6. Valos publicitarios 7. Outras
	DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN: (ver a volta deste impreso). NÚMEROS:

SOLICITUDE

O/A asinante, do que se indican os datos persoais, SOLICITA que se lle conceda a licenza para as actuacións que se sinalan e declara baixo a súa responsabilidades seren certos os datos que se achegan.

VAL DO DUBRA, de de
O/A solicitante,

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN ACHEGAR AS SOLICITUDES DE LICENZA PARA OBRAS MENORES E OUTRAS ACTUACIÓN URBANÍSTICAS, segundo o tipo de solicitude:

EN TODOS OS TIPOS:

1. Instancia.
2. Plano de situación da cartografía municipal (a escala 1:2000 en zona urbana, 1:5000 nos núcleos rurais e 1:10000 no resto), marcando a parcela.
3. Fotocopia do carné de identidade do solicitante. En caso de actuar en representación, fotocopia dos documentos de identidade do representante e o solicitante, coa autorización escrita deste último ou copia de poder para representalo.

A) PECHAMENTOS DE PARCELAS

4. Deseño acoutado da parcela no que se sinala o pechamento, acoutando así mesmo os retranqueos a viais.
5. Deseño acoutado do pechamento, en alzado ou sección.
6. Descrición construtiva do pechamento e orzamento detallado.
Para OS MUROS DE CONTENCIÓN, deberán presentar:
7. Proxecto visado e asinado por un técnico competente, e os correspondentes oficios de dirección de obra (segundo modelo para obras maiores).

B) OBRAS INTERIORES, TELLADOS, FACHADAS, ETC.

8. Memoria descritiva e orzamento detallado por partidas, das obras e instalacións. (ver notas)
9. Fotos da fachada e outras se proceden.
10. Copia da licenza de edificación.
11. Planos do estado actual e reformado, se fora o caso.
NOTAS IMPORTANTES A TER EN CONTA CON RESPECTO Ó PUNTO 6
Se as obras afectan parcialmente a instalacións:
12. Certificado visado dos instaladores oficiais.
Se nas obras se prevén novas instalacións ou substitucións completas ou se afectan a elementos estruturais ou resistentes da edificación ou do tellado desta:
13. Proxecto asinado por un técnico competente e os correspondentes oficios de dirección de obra, visados (segundo modelo para obras maiores).

C) TOLDOS, RÓTULOS, MARQUESIÑAS

14. Deseño acoutado, descrición do rótulo, marquesiña ou toldo e orzamento da instalación, detallando a distancia desde a rasante da beirarrúa ó extremo inferior. Indicación do sainte do rótulo, toldo ou marquesiña e do ancho da beirarrúa. Todo segundo artigo 2.15 do Tomo I das Normas Subsidiarias Municipais.
15. Copia da licenza de apertura da actividade.
16. Fotografía da fachada da edificación.

D) ACONDICIONAMENTO DOS LOCAIS

17. Memoria descritiva e orzamento detallado, achegando, cando menos, planta, alzado e sección a escala 1:50 (ver notas do punto 6 e actuar do mesmo xeito).
18. Fotos do exterior e do interior do local.
19. Licenza de apertura ou solicitude simultánea á que se achegará a documentación correspondente (segundo modelo de licenzas de apertura).
20. Copia da licenza da edificación na que está o local, ou ben xustificación da súa antigüidade.

E) GUINDASTRES

21. Copia da licenza municipal das obras a executar.
22. Plano de situación do guindastre, no que se represente a área de varrido da pluma, asinado polo arquitecto autor do proxecto ou director das obras. (Con carácter xeral o carro que colga do gancho do guindastre non excederá da área do solar da obra).
23. Póliza de seguros, con cobertura total de calquera accidente que poida producir o funcionamento do guindastre e a súa estadía na obra.
24. Certificado do bo funcionamento e seguridade do guindastre expedido polo técnico competente e de acordo coas disposicións legais vixentes.
25. Contrato de mantemento do guindastre.
26. Se o guindastre se situa sobre a beirarrúa, deberá valarse e acondicionar unha beirarrúa provisional de madeira ou metálica sobre a vía pública, na que deberá dispoñerse balizamiento.

F) VALOS PUBLICITARIOS EN ZONA URBANA (en zonas non urbanas están prohibidos pola Lei de Estradas)

27. Memoria descritiva e orzamento total da instalación que se pretende.
28. Fotografía en cor da localización.
29. Autorización escrita do propietario da parcela coa súa identificación e titularidade.
30. Copia da póliza de seguros que se asine para este efecto.

O Concello reserva para si a facultade de solicitar calquera outra documentación que se considere necesaria, para calquera tipo de solicitude.